

Concello
de Oleiros

Servizos Sociais


INFORME SOBRE OS CRITERIOS SUBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS ESCOLAS INFANTÍS DO CONCELLO DE OLEIROS: A PARDELA, AS GALERAS, A CANTEIRA E A BRAÑA (MERA)

Teresa Guerra Fernández, técnica responsable do contrato do servizo de limpeza das escolas infantís do Concello de Oleiros: A Pardela, As Galeras, A Canteira e A Braña (Mera)

INFORMA

Feitos:

1. A xestión das escolas infantís de Oleiros é asumida polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a través dos convenios asinados co Concello de Oleiros.
2. Entre os compromisos do Concello de Oleiros, recollidos nos ditos convenios, está o de asumir a limpeza das catros escolas infantís que hai no concello: A Pardela, A Canteira, As Galeras e A Braña e que están adscritas á rede Galiza Azul.
3. Na actualidade este servizo está a ser obxecto de nova contratación polo que, previos os trámites pertinentes, abriuse un prazo para a presentación de ofertas.
4. Reunida a Mesa de Contratación, o día 23 de abril de 2019, as ofertas presentadas e admitidas foron as seguintes:
 - ACCIONA SERVICE
 - GRUPO ITMA
 - MAGA LIMPIEZAS, S.L.
 - SACYR FACILITIES, S.A.
 - LIMPEZAS SAN FROILÁN, S.L.U.
5. Tal e como se recolle nos pregos de prescricións técnicas, os criterios de adxudicación divídense entre obxectivos e subxectivos. Para avaliar estes últimos, solicitouse que cada empresa presentara unha Memoria Técnica, entendida como un "*proxecto de organización e funcionamento do servizo de limpeza das escolas infantís, tendo en conta a claridade, a calidade e a viabilidade real das actuacións previstas*", na que se recolleran - cando menos -, os seguintes aspectos:
 - Funcións e tarefas a desenvolver.
 - Organización do traballo nos distintos espazos de cada unha das escolas.
 - Planificación e substitución de vacacións e baixas.
 - Sistemas de organización do traballo diario (horarios, cuadrantes...).
 - Sistemas e periodicidade de control dos servizos encomendados polo concello.
 - Sistemas e periodicidade das supervisións ou seguimentos do servizo.
 - Protocolo de comunicación ao concello das incidencias acaecidas no servizo .
 - Sistemas de comunicación interna.



Concello
de Oleiros

- Sistemas de comunicación e coordinación co Concello.
- Tipos de rexistros e/ou documentos empregados na xestión.
- Dotación de material ás escolas.
- Existencia de folletos e documentación informativa sobre o servizo para as persoas usuarias.
- Programa de avaliación de calidade do servizo (deberá detallar mecanismos de avaliación, frecuencia e profesional responsable).
- Outros servizos complementarios aos xa recollidas nas obrigas que poidan significar unha mellora na calidade do servizo.

6. Revisadas as Memorias Técnicas presentadas, a continuación faise un pequeno resume das características de cada unha delas, resume que se complementa co cadro adxunto no que se reflicten as puntuacións parciais e totais outorgadas a cada unha das propostas presentadas.

6.1. ACCIONA SERVICE

A Memoria presentada por esta empresa resulta moi xeral, con escasa concreción e detalle dos diferentes apartados mencionados anteriormente.

O índice da Memoria estrutúrase en seis apartados. O apartado número 2, denominado obxecto e alcance, achega unha táboa de frecuencia dos traballos de limpeza, na que non se recollen as tarefas a realizar trimestralmente, malia a estar contempladas no prego de prescricións técnicas.

Non aporta modelos de rexistro para ningún tipo de tarefa, incidencia, e tampouco fai alusión a protocolos de coordinación, nin internos, nin co Concello.

Non menciona a maneira na que se daría solución a posibles imprevistos: baixas laborais, falta de material, ...

No apartado 6. Melloras do servizo, non se concreta ningunha mellora de forma específica, facendo alusión a aplicación da Metodoloxía Clean, que explica superficialmente.

Non fai mención á existencia de documentación informativa sobre o servizo ás persoas usuarias. Non ofrece melloras.

6.2. GRUPO ITMA

Trátase dunha memoria clara a nivel expositivo, detallada no apartado referido a funcións e tarefas a desenvolver, e exhaustiva no que atinxe á maquinaria, os equipos de traballo e os produtos necesarios para o desenvolvemento do servizo.

É moi xeral en canto aos sistemas de comunicación, tanto internos, como co Concello. A nivel de coordinación non concreta protocolos que faciliten esta labor e fai mención a ela de maneira superficial. É ambigua no que atinxe ás melloras ofertadas.



Concello
de Oleiros

O sistema de supervisión do servizo baséase en partes de rexistro diarios (aportan modelo), cubertos por escrito polo persoal de limpeza, que se complementan con visitas mensuais efectuadas pola persoa responsable designada pola empresa. Esta mesma persoa levará a cabo unha Auditoría Interna cada seis meses e anualmente a empresa promoverá unha Auditoría Externa.

Non menciona ningún sistema de coordinación co Concello.

Comprométese a cubrir o absentismo laboral no mesmo día no que se produza. No caso de incidencias ou reforzos urxentes o prazo de solución é de 30 minutos -como máximo- e de 60 minutos para os non urxentes.

Como Melloras a valorar ofertan unha campaña de concienciación, para o persoal, sobre o uso racional das instalacións e aforro enerxético.

Non fai mención á existencia de documentación informativa sobre o servizo ás persoas usuarias.

6.3. **MAGA LIMPIEZAS, S.L.**

Memoria clara e concreta, cun índice de 5 puntos, máis anexos.

Descrición detallada dos materiais a utilizar e das tarefas de limpeza, así como das funcións do supervisor/encargado de zona. Esta figura profesional terá unha dispoñibilidade de 24 horas os 365 días do ano a través dun teléfono móbil e acudirá ás escolas, para a supervisión do servizo, unha vez ao mes.

Non concreta protocolos de coordinación co Concello.

No caso de ausencia non planificada do persoal aseguran substituílo no prazo máximo de 2 horas. Dotarán a cada limpadora dun teléfono móbil cunha aplicación, dotada de xeolocalización, que servirá de medio de control de entrada e saída ao posto de traballo.

Non aporta información sobre útiles (carros, fregonas, mopas, ...) e ferramentas básicas para a realización da limpeza. Non sinala se vai uniformar ao persoal.

Como Mellora ofrecen a substitución dos dispensadores de papel hixiénico e papel secamáns, por outros de dispensación automática tipo autocorte.

Non fai mención á existencia de documentación informativa sobre o servizo ás persoas usuarias.



Concello
de Oleiros

6.4. SACYR FACILITIES, S.A.

A Memoria é clara e concisa, dando resposta a todos os aspectos recollidos no prego de prescricións técnicas. Detalla as tarefas a desenvolver, describe a maquinaria a utilizar, así como unha extensa listaxe de material necesario para a realización do servizo.

Destaca nos seguintes aspectos:

- Visitas semanais ás escolas infantís por parte do encargado nomeado pola empresa.
- Centro de recepción de avisos 24 horas (Call Center), no que se atopa un equipo de actuación rápida, cun tempo de resposta ante imprevistos inferior a 45 minutos, as 24 horas do día e os 365 días do ano.
- Aplicación informática GIM que permite, entre outros controles, a xestión de avisos, o inventario de equipos e reposicións de produtos e a permanencia das limpadoras no seu lugar de traballo. Para isto último, a empresa dotará a cada traballadora dun teléfono móbil con acceso a internet e instalará en cada escola unha tarxeta NFC, pola que a limpadora deberá pasar o teléfono ao entrar e ao saír do seu posto de traballo.
- Elaboración de informes mensuais individualizados dirixidos ao concello.
- Enquisa de satisfacción ás persoas usuarias.

Comprométese a cubrir o absentismo laboral no mesmo día no que se produza. Oferta, como Mellora, a limpeza de cristais inaccesibles, cunha periodicidade semestral.

Non fai mención á existencia de documentación informativa sobre o servizo ás persoas usuarias.


6.5. LIMPIEZAS SAN FROILÁN, S.L.U.

A Memoria que presenta esta empresa é completa, clara, concisa e detallada en toda a súa extensión. Polo contido, valórase que existe un coñecemento das particularidades deste tipo de instalacións, nas que as persoas usuarias son menores de entre 3 meses e 3 anos, fundamentalmente. Incide na importancia da hixiene como medida de prevención de infeccións, contaxios, ..

Igual ca outras memorias é prolixa na descrición das tarefas a realizar, da maquinaria a usar e dos produtos necesarios para unha correcta limpeza. Destaca a identificación de "puntos críticos" (aseos, comedores, manillas, ...) aos que lle dedica unha especial atención.

Ofrece un protocolo de desinfección e limpeza que clarifica o traballo a realizar e que se valora de utilidade para as limpadoras.

No caso de ausencias sobrevidas do persoal, establece un prazo máximo de 2 horas para atopar a unha persoa substituta.



Concello
de Oleiros

Como sistemas de control presenta:

- Parte de traballo diario (aportan modelo), a cubrir polas traballadoras.
- Visitas semanais por parte do encargado/a xeral.
- Presenza inmediata no caso de comunicación de deficiencias e emisión do pertinente informe á persoa responsable, a nivel municipal, do contrato.
- Visitas mensuais conxuntas (dirección da escola e empresa) en cada escola infantil.
- Reunións trimestrais conxuntas (técnica municipal responsable do contrato e empresa) para avaliar a prestación do servizo.

Esta empresa dotará dun teléfono móbil ao persoal adscrito ao centro e o encargado xeral da empresa terá tamén un teléfono con correo electrónico integrado, para facilitar a súa localización.

A empresa porá a disposición do servizo un Call Center permanente para calquera tipo de consulta entre as 8:30 e as 19:30 horas.

Como sistemas de supervisión ofrecen:


- Informe mensual
- Informe trimestral
- Informe anual
- Outros informes

As melloras que ofrece son:

- Tempo adicional, de 10 horas ao ano, en cada escola infantil.
- Eliminación de pintadas e grafitis.
- Instalación dun set de reciclaxe en cada escola
- Dotación de escobillas de WC en cada aseo da cada escola.
- Reposición de dispensadores e xaboeiras.
- Mantemento da zona axardiñada da escola infantil As Galeras.
- Limpeza mecánica do chan da escola da Braña, ao inicio do contrato.

Ao inicio do curso, cada neno/a, levará para a súa casa un folleto informativo sobre o servizo de limpeza (tempo destinado ao servizo, produtos usados, procedemento para realizar queixas e suxestións, datos de contacto coa empresa, ...).

En cada escola, a empresa porá a disposición das familias e do persoal, unha enquisa de satisfacción do servizo. Asemade, colocará un buzón se queixas e suxestións.



Servizos Sociais


Concello
de Oleiros

En base ao exposto, as puntuacións acadadas por cada empresa presentada son as seguintes:

EMPRESA	PUNTUACIÓN
ACCIONA SERVICE	2,30
GRUPO ITMA	4,70
MAGA LIMPIEZAS, S.L.	6,50
SACYR FACILITIES, S.A.	6,85
LIMPIEZAS SAN FROILÁN, S.L.U.	8,75

O que se informa aos efectos oportunos.

Oleiros, 29 de abril de 2019



Teresa Guerra Fernández
Técnica responsable do contrato